

O Tenente de Alcalde do Concello de Boiro, Juan Jesús Ares, e o Concelleiro de Urbanismo, Xoán León Vidal, xunto cos técnicos David Hernáez, de Augas de Galicia, e o xefe de obra de Costas de Galicia, Ricardo Babío, ofreceron hoxe na Casa Consistorial datos pormenorizados sobre as obras de substitución do saneamento en Barraña. Esta actuación, como lembrou o Tenente de Alcalde, suporá un investimento de 4 millóns de euros e implicará retirar a rede de sumidoiros actual, quitala da praia e colocala baixo a zona verde e o paseo marítimo.

David Hernáez explicou que con esta actuación “se evitará que en momentos de moito caudal de auga se colapsen as tuberías e se produzan verquidos”, preservando así a riqueza natural e paisaxística deste enclave. Hernáez engadiu que o 70% do saneamento de todo Boiro discorre por Barraña, e o colector, de cemento, “é antigo e está en mal estado; esto, unido a que o pozo de bombeo do muelle de Chouza non ten capacidade para xestionar todo o auga que lle chega, provoca colapsos en momentos puntuais”. Este problema arranxarase coa substitución do colector, de tres quilómetros de lonxitude, por unha tubería de moito maior diámetro, de poliéster reforzado con fibra de vidro, e que se retranqueará o máximo posible para retiralo da praia de Barraña. Ademais, no muelle de Chouza colocarase un tanque de retención, con capacidade para 3.000 metros cúbicos, que permitirá almacenar todo o auga que chegue “e só bombearía o que a depuradora de Cabo de Cruz pode xestionar”.

Pola súa banda, Ricardo Babío incidiu nos problemas do saneamento actual e cualificou a obra de “moi necesaria”, resaltando tamén que “ten moito mérito facer unha actuación como esta a tres bandas; Concello, Augas de Galicia e Ministerio de Medio Ambiente”. Acerca das protestas xurdidas polo corte de árbores, todos os presentes sinalaron que unicamente se sacrificaron os que “por razóns técnicas houbo que talar”, sinalou Babío, e que en todo caso a obra contempla partidas para a reposición íntegra do paseo e a restauración ambiental da zona. Os técnicos sinalaron que a finais de maio estará rematada a obra do colector, para que, de cara ao verán, os bañistas poidan utilizar o areal con normalidade.